

DITAME DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS ADOPTADO NA SESIÓN DO DÍA 23 DE MAIO DE 2025.

ASUNTO:

**INFORME SOBRE A CONTA XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE
PONTEVEDRA, CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2024.**

(EXPTES: 2025026747-2025005734)

Unha vez formada pola Intervención a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio 2024, reúnen-se ós Sres./as. Deputados e Deputadas integrantes da Comisión Especial de Contas da Deputación Provincial de Pontevedra co obxecto de someter a informe da Comisión a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra, correspondente ó exercicio de 2024, nos termos establecidos no artigo 212.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que inclúe a conta da propia Deputación de Pontevedra, a da Escola Universitaria de Enfermería, a do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, a do Consorcio para o Servizo Contraincendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, e a conta consolidada.

O Presidente da Comisión toma a palabra para indicar ós Sres./as. Deputados e Deputadas que o expediente da Conta Xeral da Deputación de Pontevedra do exercicio 2024 foi posta a disposición das persoas integrantes da Comisión nos prazos regulamentarios de acordo coa lexislación vixente para o seu exame e consulta.

O Presidente pregunta ós Sres./as. Deputados e Deputadas si teñen algunha cuestión ou consulta sobre o informe da Conta Xeral, non producíndose ningunha intervención.

Sometido a votación o informe da Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio 2024, obtívose o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: nove (9)**, do grupo provincial do Partido Popular (PP)
- 2. Votos en contra: ningún (0)**
- 3. Abstencións: oito (8)**, sendo seis (6) do grupo provincial do Partido Socialista de Galicia (PSG-PSOE), e dous (2) do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG)



En consecuencia, a Comisión Especial de Contas, cos votos a favor dos Sres./as. Deputados e Deputadas do Grupo provincial do PP, e abstencións dos grupos provinciais do Partido Socialista de Galicia (PSG-PSOE) e do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ACORDA:

1. Informar favorablemente a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra do exercicio 2024, que inclúe a conta da propia Deputación, a da Escola Universitaria de Enfermería, a do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, a do Consorcio para o Servizo Contraincendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, e a conta consolidada, nos termos e coa documentación que consta nos expedientes CIVIDAS números 2025026747-2025005734.
2. Expoñer ó público a documentación que figura no expediente da Conta Xeral da Deputación de Pontevedra do exercicio 2024 durante un período de quince días, de conformidade co establecido no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (modificado pola D.F. 19ª da Lei 11/2020 de 30 de decembro de Presupuestos Generales del Estado para o ano 2021), durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes, entendéndose definitiva si no citado prazo de exposición pública non se presentara ningunha reclamación, reparo ou observación.

O Secretario da Comisión
Asdo.: Antonio Torrón Casal
(Documento asinado electrónicamente á marxe)

